



## ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR – 2024 CEIP PIÑEIROS

Como xa se vos informou en anteriores comunicados, o vindeiro **martes 19 de novembro de 2024** terá lugar a elección dos representantes de pais e nais para o Consello Escolar do CEIP Piñeiros. As votacións do sector de pais e nais realizaranse neste centro ese día **19 de novembro dende as 9:00 ata as 9:30 horas e dende as 13:30 ata as 14:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:55 horas.

### 1º. Candidatos/as:

Con data do 12 de novembro de 2024, a Xunta Electoral do CEIP Piñeiros proclamou como candidatos no sector de pais e nais a:

- Natalia Pita Lozano
- Cristina M.ª Rodríguez Sánchez

### 2º. Apertura do prazo de reclamacións á proclamación de candidaturas:

Procédese a abrir un prazo de reclamacións á proclamación das candidaturas e que son os días 13 e 14 de novembro de 2024.

### 3º. Exposición pública da listaxe definitiva de candidatos/as:

Se durante os días 13 e 14 de novembro de 2024 non hai reclamacións á proclamación das candidaturas, o venres, 15 de novembro de 2024, publicarase a listaxe definitiva de candidaturas.

**Para participar na referida votación do 19 de novembro de 2024, procederase da seguinte forma:**

#### 1º Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no CEIP Piñeiros e que figuren no censo que, ao efecto, aprobou a Xunta electoral, tras a súa exposición pública regulamentaria.

#### 2º Modo de emitir o voto.

- O voto será directo, secreto e non delegable.
- Na papeleta de votación, deberedes marcar cun X unha ou as dúas candidaturas presentadas.
- No momento da votación, deberedes acreditar a vosa personalidade mostrando o voso DNI orixinal ou documento similar.

#### 3º Finalización do proceso da votación.

Finalizada a votación, procederase ao escrutinio público dos votos e, unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.

O equipo directivo e a Xunta electoral do CEIP Piñeiros anímavos a que participedes na votación do vindeiro martes 19 de novembro de 2024, como unha forma máis de colaboración na organización do centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar e porque estamos convencidos de que a calidade educativa só se potencia se todos participamos.

Recíbide un cordial saúdo.

A Xunta electoral do CEIP Piñeiros